



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE

XUÑO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día nove de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Marta María Vázquez Golpe.

Actúa como secretaria dona M^a del Juncal Capín Fonseca, auxiliar administrativa do Departamento de Secretaría, por delegación da secretaria accidental da Corporación, dona M^a Fernanda Montero Carré.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesións ordinarias de data 2 de xuño e 9 de xuño de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 2 e 9 de xuño de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia

- Resolución definitiva da concesión de subvencións correspondentes ao programa FO101: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades deportivas, durante o ano 2014, publicada pola Área de Servizos Provinciais, Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial da Coruña. Obxecto da subvención: "Escolas municipais de actividade física e saúde e actividades de verán". Importe concedido: 5.989,00 €. (Boletín Oficial da Provincia número 109, do día 10 de xuño de 2014).

- Resolución definitiva da concesión de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de animadores culturais, durante o ano 2014, publicada pola Área de Servizos Provinciais, Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial da Coruña. Obxecto da subvención: "Animador cultural". Importe concedido: 7.381,15 €. (Boletín Oficial da Provincia número 109, do día 10 de xuño de 2014).

- Resolución de presidencia número 9916 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO023B: convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o ano 2014, publicada pola Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación Provincial da Coruña. Obxecto da subvención: "Servizo de socorrismo piscina municipal Castros do Bosque de Cecebre (Cambre)". Importe concedido: 2.823,00 €. (Boletín Oficial da Provincia número 110, do día 11 de xuño de 2014).

- Resolución definitiva da concesión de subvencións correspondentes ao programa FO202: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos culturais, durante o ano 2014, publicada pola Área de Servizos Provinciais, Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial da Coruña. Obxecto da subvención: "Adaptación á normativa de accesibilidade no anfiteatro do Parque da Igrexa de Cambre". Importe concedido 4.997,80 €. (Boletín Oficial da Provincia número 111, do día 12 de xuño de 2014).

- Decreto 67/2014, do 28 de maio, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 112, do día 13 de xuño de 2014).

- Correo electrónico remitido pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) co fin de dar a coñecer as novas prestacións incluídas na Central de Contratación da FEMP, así como invitar ás entidades locais a adherirse á dita central mediante a sinatura do correspondente acordo.

- Correo electrónico remitido o 11 de xuño de 2014 pola Dirección Xeral de Modernización Administrativa, Procedementos e Impulso da Administración Electrónica, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no que se comunica que no portal de entidades locais da Secretaría de Estado de Administracións Públicas púxose a disposición das entidades locais o documento de adhesión para o uso de FACe-Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado por parte de entidades locais.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que está pendente a contratación da instalación de paneis solares e vestiarios do campo de fútbol da Barcala-Lendoiro, e que segundo lle informa o coordinador de Cultura e Coordinación é unha prioridade, porque se trata dunha subvención de Agader.

Tamén informa que está en curso o tema da sinalización vertical das diferentes instalacións deportivas municipais.

En canto ás obras para a cuberta e reforma da piscina di que están pendentes dunha providencia do arquitecto, para a elaboración dos pregos.

Igualmente informa que o servizo de socorrismo da piscina dos Castros do Bosque comezou o pasado domingo e durará ata o vindeiro 15 de setembro. Nas piscinas do Balado e Ramón Barba comezará o vindeiro 1 de xullo.

Expón que para o vindeiro pleno ordinario está previsto incluír a convocatoria de bolsas para deportistas e tamén as subvencións municipais a entidades sen fin de lucro.

Así mesmo, indica que os campamentos de verán cubriron todas as prazas ofertadas, incluso a demanda chegou a duplicar a oferta de prazas. O pasado venres tivo lugar o sorteo, agás no caso dos máis pequenos, porque tendo en conta que o seu custo era mínimo decidiron admitir a todos os solicitantes.

Finalmente, informa que o pasado sábado tivo lugar o emotivo acto oficial de designación do pavillón polideportivo municipal de Brexo-Lema co nome "Bernardo Bish Lorenzo".

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que no departamento de Contratación están en distintos estados de tramitación os expedientes relativos ao renting de dous vehículos da Policía Local, a instalación solar térmica para AQS e piscina, os campamentos urbanos de verán, a roza e desherbado de camiños, o contrato das novas tecnoloxías máis cerca, o festival Rock in Cambre e contratos menores.

Por outra parte, informa que están pendentes de iniciar a súa tramitación 11 expedientes, entre os que se atopa o servizo de guindastre, os docentes para o curso de marketing dixital, as escolas físicas de saúde en centros privados, e outros, sendo necesario fixar as prioridades de tramitación.

En canto ao departamento de Réxime Interior informa que coa sinatura polo Sr. alcalde do convenio coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa, vaise levar a cabo a selección e posterior contratación laboral temporal, a través do Servizo Público de Emprego, dun xefe de brigada, un peón condutor de brigada e dous peóns de brigada.

Por outra parte, informa que faise necesario adquirir un vehículo para o notificador, xa que a furgoneta que estaba a utilizar ten xa moitos anos e tivo unha avaría importante, polo que vai ser case imposible que pase a ITV.

Finalmente informa que o pasado venres o Sr. alcalde asinou a resolución sobre a nova forma de tramitación dos contratos menores, da cal xa se deu traslado a todo o persoal.

Informes da concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que o venres acudiu a un acto da Deputación no que se presentou un novo servizo cartográfico baseado na "Enquisa de infraestruturas e equipamentos locais (EIEL)".

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que hoxe comeza a primeira fase da campaña de roza e desherbado dos camiños municipais.

Tamén informa que a semana pasada leváronse a cabo as obras de pavimentación en Penouviña, na área que se reformou.

Por outra parte, en canto á subvención que saíu este ano co fin de paliar os efectos dos temporais, van intentar solucionar o problema de Bribes Pequeno onde se producen unhas fochancas das que están intentando localizar a súa orixe. Tamén queren actuar en Anceis, na zona que hai antes da primeira ponte da autoestrada, porque hai un regato que pasa por debaixo da estrada e un ribazo ao que van intentar buscar solución.

En canto ao DTC93 explica que xurdiron unhas diferenzas de criterio coa Deputación en canto á interpretación das obras propostas, principalmente respecto da consideración das obras como melloras e arranxos ou obras novas, polo que decidiron modificar o acordo adoptado no pleno de maio e substituír a obra incluída como proxecto principal por outra destinada á mellora do firme nas parroquias de San Lourenzo, Anceis e outras. Trátase principalmente de asfaltados e tamén dalgunha reparación de tubaxe existente que se atopa en mal estado.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Conclúe informando que mañá comezará a reparación do parque infantil da Pitona, que estaba en moi mal estado como consecuencia dos temporais sufridos este ano.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o mércores 11 tivo lugar a entrega dos premios Supermoucho nas bibliotecas municipais.

Ese mesmo día mantivo unha reunión, xunto coa concelleira de Urbanismo, coas comisións de festas, co fin de explicar as repercusións que leva consigo a aplicación do artigo 42 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. O vindeiro xoves ás 17:00 van ter unha reunión na Fegamp sobre este tema.

Tamén informa que o día 20 de xuño, venres, ás 20:00 horas, vaise celebrar na Casa da Cultura un recital de poesía de don Bernardo Miguel García.

En canto á actuación de The Royal Green Jackets "A morte de Sir John Moore" que estaba prevista para o venres 27, ás 20:30 horas en La Juventud de Cecebre, tivo que ser suspendida por enfermidade dun dos actores principais.

A partir do martes día 17 e ata o 27 de xuño permanecerá aberto o prazo para que os grupos de rock locais presenten as súas maquetas para participar no Rock in Cambre. Este ano, como novidade, poderán presentar un enlace a youtube onde se poida ver unha das súas actuacións.

Este martes tamén sairán publicadas no Boletín Oficial da Provincia as bases do II concurso de carteis das festas de Santa María de Cambre, cun prazo de inscrición ata o 17 de xullo de 2014.

O luns 23 de xuño terá lugar a actuación de Mama Cabra "Bicos de Música", no anfiteatro do Parque da Igrexa, ás 19:00 h. Está dirixida ao público familiar. Ás 20:30 h, terá lugar no Campo da Feira a sardiñada e actuación da orquestra Abanico, dentro da celebración da "Noite de San Xoán".

Conclúe informando que dende o departamento de Cultura están a preparar unha reunión cos concellos integrantes do Consorcio do Camiño Inglés, para o vindeiro 15 de xullo.

O Sr. alcalde remarca a importancia deste asunto e a necesidade de facer todo o posible pola posta en valor do camiño.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona M^a Jesús González Roel informa que o pasado venres actuou a compañía A Tropa de Trapo no centro sociocultural do Graxal, para nenos de 3^o e 4^o, isto enmarcado dentro da semana do Día mundial contra o traballo infantil. Trátase dunha obra de sensibilización baseada na música e contos.

Tamén informa que dentro do marco do proxecto impulsado polo Instituto da Muller "Equilibrio-Balance: por unha conciliación corresponsable", o martes e mércores desta semana van ter lugar as primeiras reunións cos empresarios, ANPAS e asociacións de mulleres relacionadas co tema da conciliación.

A continuación informa que o sábado pasado tivo lugar a Xuntanza do Maior do Carballiño, e que dende Cambre acudiu un autobús cunhas 50 persoas.

Para rematar informa que tiveron unha reunión coas ANPAS para a posta en marcha do banco de libros de texto e xa están publicados os horarios tanto nos centros como na páxina web municipal. Cada ANPA vai xestionalo dunha maneira distinta.

Informes de Alcaldía

O Sr. alcalde informa que tivo lugar a XII edición da Feira do comercio en Cambre e II de emprendedores, en colaboración coa Asociación de Empresarios, cunha nova distribución en casetas.

Á inauguración asistiron a directora xeral de Comercio dona Sol María Vázquez Abeal, o vicepresidente da Deputación don Antonio Cañás Varela, o presidente da Confederación de Empresarios da Coruña don Antonio Fontenla Ramil e o presidente da Asociación de Empresarios de Cambre don José Antonio Baamonde López.

Para finalizar o Sr. alcalde informa que a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, prevista para o luns 23 de xuño, terá lugar o mércores 25.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e vinte minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad



A secretaria por delegación

M^a del Juncal Capín Fonseca

